



# CONCELLO DE ORDES

## (A CORUÑA)

### PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

O Concello de Ordes non conta co persoal que reúna a cualificación e experiencia necesaria para levar a cabo con medios propios as tarefas de informes técnicos na área de urbanismo (ao non dispoñer no seu cadro de persoal a ningún técnico/a na materia) e, si ben na RPT do Concello figura un posto de traballo técnico, este non se puido cubrir polas limitacións impostas polas sucesivas Leis de presupostos xerais do Estado .

Polo mesmo, tampouco conta co persoal necesario para poder realizar os proxectos, dirixir as obras municipais, así como a súa coordinación de seguridade e saúde. Neste caso aínda sería mais difícil contar con medios adecuados dado que se levan a cabo distintos proxectos que deben realizar persoas con titulacións diferentes (arquitectos, enxeñeiros de distintas especialidades ...).

Os servizos a prestar comprenderán, baixo a dirección do/a xefe/a do servizo de urbanismo:

- (1) A asistencia técnico urbanística por un/ha arquitecto/a e un/ha arquitecto/a técnico/a, un deles en horario de oficina (de 8:30 a 14:30 horas) de luns a venres, debendo realizarse a maiores un día á semana un horario de 16:30 a 20:00 horas, a sinalar polo Concello. O outro/a estará dispoñible en apoio do anterior cando sexa requirido.
- (2) A asistencia de técnicos/as especializados/as en cada una de las materias concretas que integran o contrato cando sexa preciso para a prestación dos servizos de redacción de proxectos e direccións de obra de carácter municipal que requira o concello, incluíndo a coordinación de seguridade e saúde en fase de execución.

Procede iniciar expediente de contratación por procedemento aberto, por ser o procedemento máis axeitado para a consecución da mellor oferta para a execución dos servizos, con multiplicidade de criterios de adjudicación vinculados ao obxecto do contrato, tramitación ordinaria (artigo 156 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 - LCSP).

Deberase incorporar ao expediente:

- Os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.
- Certificado de existencia de crédito orzamentario.
- Informes do Secretario e do Interventor do Concello.

Ordes, na data da sinatura electrónica

**O ALCALDE**  
(asinado dixitalmente)

**Perante min,**  
**O SECRETARIO**